

Memoria xustificativa e económica do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Augas de Galicia e o Concello de Mos para a execución da actuación "Senda fluvial entre Camiño de Gata e Camiño das Lagoas no río Louro. Mos (Pontevedra)"

1. Antecedentes

O artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia establece que as entidades locais para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Concretamente, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia dispón que as entidades locais teñen atribuídas competencias en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; parques e xardíns; conservación de camiños e vías rurais (artigo 80.2.d)); patrimonio histórico-artístico (artigo 80.2.e)); protección do medio ambiente (artigo 80.2.f)); actividades e instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e o turismo (artigo 80.2.n)).

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

O 21 de xullo de 2025 a Dirección de Augas de Galicia aprobou a Estratexia para a posta en valor das contornas fluviais ao abeiro do disposto nos artigos 1 da Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos; nos artigos 4 e 11.9 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e en execución do recollido no Plan de actuacións, inversións e financiamento de Augas de Galicia, incorporado á Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

O plan de actuacións, inversións e financiamento (PAIF) de Augas de Galicia para o ano 2026 contempla unha partida específica dun millón de euros destinada a colaborar con entidades locais na posta en valor das contornas fluviais. Este investimento ten como obxectivo favorecer



unha contribución efectiva desde o ámbito local á protección e recuperación dos ecosistemas acuáticos, reforzando o papel dos concellos como actores clave para unha xestión do territorio próxima, eficiente e sostible tendo en conta que a visión territorial que achegan as entidades locais permite que as actuacións se adapten mellor ás necesidades reais da poboación e ao contexto ambiental e cultural de cada lugar.

Desta forma, coa colaboración entre Augas de Galicia e os concellos galegos, ademais de promover actuacións sostibles de recuperación e mellora de contornas fluviais, resáltase o seu valor ambiental e o seu papel fundamental na economía tradicional galega e na configuración da identidade cultural, social e simbólica.

2. Obxectivos que se pretenden

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Augas de Galicia e o Concello de Mos que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para levar a cabo a actuación "Senda fluvial entre Camiño de Gata e Camiño das Lagoas no río Louro. Mos (Pontevedra)", a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

As actuación obxecto deste convenio concréntanse na memoria do anteproxecto denominado "Senda fluvial entre Camiño da Gata e Camiño das Lagoas no río Louro" de outubro de 2025 que ten como obxectivos mellorar e ampliar a ruta fluvial do río Louro con criterios ambientais, poñer en valor o patrimonio natural e mellorar a calidade de vida dos cidadáns, aportando infraestruturas que fomenten a mobilidade peonil e a accesibilidade.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

No ano 2012 redactouse por parte do Concello de Mos o proxecto de "Ordenación do canle e das marxes do río Louro aos seu paso por Mos", actuación que incluía a recuperación da senda fluvial existente, moi deteriorada por procesos erosivos de desbordamento do río, nun tramo duns tres quilómetros pola marxe dereita entre o Camiño de Gata e o Camiño de Noveleda.

Para dar continuidade a esta senda fluvial cara o sur, nunha lonxitude de un quilómetro entre o Camiño de Noveleda e o Camiño de Lagoal, plantexouse a execución de novos tramos de senda fluvial pola marxe dereita que dan continuidade aos sendeiros existentes nesta zona e ademais, permiten poñer en valor os tres muíños da contorna. Así no ano 2017 redactouse o proxecto de "Nova senda fluvial no río Louro, desde o Camiño de Lagoal, parroquia de Louredo. Mos".



Na actualidade, o Concello de Mos está a promover o proxecto "Senda fluvial entre Camiño de Gata e Camiño das Lagoas no río Louro" ao obxecto de ampliar en cerca de un quilómetro cara o sur, a senda xa existente de catro quilómetros entre o Camiño de Lagoal e o Camiño de Gata, e permitir o acceso ao río desde a contorna do polígono industrial de Veigadaña.

O punto cuarto da estratexia para a posta en valor das contornas fluviais, aprobada pola Dirección de Augas de Galicia o 21 de xullo de 2025 prevé que para facer efectiva a implantación da estratexia, establécense dúas vías principais de colaboración: convenios de colaboración técnica e/ou económica cos concellos interesados ou execución directa por parte de Augas de Galicia. Indícase que a fórmula principal será a sinatura de convenios de colaboración, nos que Augas de Galicia participe no financiamento das actuacións, mentres que os concellos asuman a execución directa dos proxectos.

O punto quinto da referida estratexia para a posta en valor das contornas fluviais recolle os criterios de selección de proxectos para avaliar e priorizar as propostas presentadas polos concellos, favorecendo aquelas que mellor contribúan aos obxectivos da estratexia valorando as seguintes circunstancias: interese ambiental, social ou turístico do entorno; madurez técnica da actuación; viabilidade legal e urbanística; ou compromiso de mantemento por parte do concello.

No apéndice I desta Estratexia recóllense seis actuacións presentadas por distintos concellos, que se consideran plenamente aliñadas cos principios e liñas desta estratexia. Estas actuacións serán desenvolvidas como proxectos piloto, permitindo avaliar o funcionamento do modelo de colaboración proposto e sentar as bases para a súa continuidade e expansión nos próximos anos.

Así, a Estratexia para a posta en valor das contornas fluviais recolle entre as súas liñas prioritarias a seguinte:

b) Mellora da accesibilidade e dos servizos públicos en contornas fluviais. Facilitar o acceso ordenado e sustentable da poboación aos ríos mediante a creación ou mellora de sendeiros, zonas de descanso, sinalización interpretativa, mobiliario e áreas de baño acondicionadas. Estas melloras buscan fomentar o uso responsable dos espazos fluviais como lugares de lecer, educación ambiental e benestar comunitario.

Entre os convenio subscritos no ano 2025 no marco de esta estratexia atópase o "Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Augas de Galicia e o Concello de Mos para a execución dunha senda fluvial no río Louro. Concello de Mos (Pontevedra)" asinado o 11.12.2025.



No ano 2026 o Concello de Mos solicitou novamente a colaboración técnica e financeira de Augas de Galicia para dar continuidade a esta senda fluvial.

Polo tanto, ao obxecto de garantir a continuidade e eficacia da inversión realizada nesta zona e aínda que as actuacións obxecto deste convenio non están recollidas expresamente no Apéndice I da Estratexia para a posta en valor das contornas fluviais, o obxecto do convenio encaixa perfectamente na liña prioritaria de actuación sinalada.

Por outra banda, o 15 de xuño de 2026 a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático asinou a Orde pola que se aproba o Plan estratéxico de subvención da dita Consellería para os anos 2026 e 2027. O anexo II do dito Plan refírese, en particular, ao *Plan estratéxico de subvencións de Augas de Galicia para os anos 2026 e 2027* cuxo apartado 11.2 contempla a posibilidade de que Augas de Galicia poida subscribir convenios de colaboración cos concellos da Comunidade Autónoma que así o soliciten a través dos que se instrumenten subvencións de concesión directa ao obxecto de fomentar actuacións que permitan restaurar a funcionalidade ecolóxica dos ríos, mellorar a súa calidade ambiental e reforzar o seu papel como espazos de uso social, cultural e turístico, garantindo ao mesmo tempo a protección da súa biodiversidade e do patrimonio asociado.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o artigo 194 da Lei da administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.



4. Estimación de custos e financiamento

O orzamento base de licitación das actuacións contempladas neste convenio ascende a douscentos setenta e dous mil setecentos noventa e dous euros con setenta e sete céntimos (272.792,77 €), incluído o imposto sobre o valor engadido.

Augas de Galicia financiará as actuacións ata un máximo de cento corenta e nove mil euros (149.000,00 €) con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2026, aplicación orzamentaria 06.82.542B.760.00.

A subvención fíxase con un importe certo e máximo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a execución da actividade subvencionada.

5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: E2: Galicia verde e sostible
2. Prioridade actuación: PA.2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
3. Obxectivo estratéxico: OE 2.4.3 – Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.
4. Obxectivo operativo: OO02 – Garantir a protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia Costa.
5. Indicadores:



- PO0440/Grao de execución (%)

- PO0436/Actuacións de protección, conservación, mantemento e mellora do dominio público hidráulico

6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente: 100%

6. Territorialización do gasto:

Concello: Mos

7. Contribución ós ODS.

DENOMINACION ODS	OBXECTIVO ESPECIFICO	Denominación obxectivo específico
ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos	6.6	De aquí a 2020, protexer e restablecer os ecosistemas relacionados coa auga, incluídos os bosques, as montañas, os humedais, os ríos, os acuíferos e os lagos.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

